



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PORTO DO SON

*Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras, tribunas e outros elementos análogos con finalidade lucrativa*

##### ANUNCIO

Ao abeiro do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza reguladora do desenvolvemento de actividades e servizos no Concello de Porto do Son, unha vez que se elevou a definitivo o acordo de aprobación inicial, e que é do seguinte teor literal:

#### “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS E CADEIRAS, TRIBUNAS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA

##### Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Porto do Son establece a taxa pola ocupación de terreos de uso público local por ocupación con mesas, cadeiras, tribunas e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

##### Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a realización de ocupacións de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

##### Artigo 3. Beneficios fiscais

Non se recoñece beneficio fiscal algún, agás os previstos nas normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

##### Artigo 4. Obrigados tributarios

1. É obrigado tributario, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas correspondentes. Se o aproveitamento se realizase sen obter licenza, considerarse que é o suxeito pasivo o titular da empresa que explote a instalación á que estea afecto o elemento situado en terreo público.

2. Responderán solidariamente da obriga tributaria do suxeito pasivo as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Responderán subsidiariamente da obriga tributaria do suxeito pasivo as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

##### Artigo 5. Cota tributaria

Para a cuantificación da cota tributaria terase en conta a seguinte diferenciación dentro do municipio:

Zona 1: cascos urbanos de Porto do Son e Portosín

Zona 2: resto do termo municipal

Así mesmo, diferenciarase entre a tempada de verán (meses de xuño a setembro) e o resto do ano:

| ZONA | TEMPADA      | TARIFA         |
|------|--------------|----------------|
| 1    | VERÁN        | 3 €/m2 e mes   |
|      | RESTO DO ANO | 2,5 €/m2 e mes |
| 2    | VERÁN        | 2 €/m2 e mes   |
|      | RESTO DO ANO | 1,5 €/m2 e mes |

A cota tributaria redondearase a dous decimais por exceso e terá carácter irreducible.

#### **Artigo 6. Vindicación e período impositivo**

A taxa vindicarase no momento de presentar a solicitude de licenza para a ocupación do dominio público ou ao inicio do aproveitamento, cando non se obtivese a licenza correspondente.

No caso de que a licenza para a ocupación do dominio público se extenda aos anos seguintes nas mesmas condicións que o inicial, a vindicación nestes terá lugar o 1 de xaneiro e o período impositivo coincidirá co ano natural.

#### **Artigo 7. Normas de xestión**

1. Cando se presente a solicitude de licenza para a realización do aproveitamento deberá efectuarse o depósito previo da taxa mediante a correspondente autoliquidación, de modo que non se tramitará o expediente para a concesión da licenza mentres non se efectúe este pagamento.

A resolución que conceda a licenza aprobará simultaneamente unha liquidación en función da superficie e duración autorizada para o aproveitamento. No caso de que a cota que resulte sexa inferior ao depósito previo autoliquidado, realizarase a devolución correspondente; en caso contrario, deberase notificar a débeda tributaria (cota tributaria deducido o depósito previo realizado), que será aboado nos prazos do artigo 62.2 da Lei xeral tributaria.

No caso de denegarse a licencia, non procederá o cobro da taxa, polo que o concello devolverá de oficio o importe do depósito previo.

2. No caso de que a licenza se extenda aos anos seguintes nas mesmas condicións que o inicial, no segundo exercicio e seguintes a taxa liquidarase polo sistema de notificación colectiva e periódica. Chegado ao vencemento da licenza, deberase dar de baixa do padrón correspondente.

#### **Artigo 8. Infraccións e sancións tributarias**

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e á imposición de sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

#### **Disposición derogatoria**

Unha vez que entre en vigor esta ordenanza queda automaticamente derogada a seguinte:

- Epígrafe 4 da ordenanza reguladora das taxas por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atracción situadas no terreo de uso público e industrias ambulantes e rodaxe cinematográfica.

#### **Disposición final**

Esta ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 12 de xullo de 2012 e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP, aplicándose mentres non se acorde a súa derogación ou modificación."

Contra o presente acordo poderá interperse polos interesados recurso contencioso- administrativo perante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao de publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

Porto do Son, 5 de setembro de 2012.

O Alcalde- Presidente,

Asdo. José Luis Oujo Pouso

2012/11306